

Venres, 14 de xullo de 2023

Núm. 136

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****VIGO****Persoal, oposicións**

APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS DOS PROCESOS SELECTIVOS DESTINADOS Á EXECUCIÓN DA OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL: SISTEMA SELECTIVO DE CONCURSO-OPOSICIÓN. EXPTE. 41773/220.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 8 de xuño de 2023, adoptou o seguinte acordo:

“ PRIMEIRO.- Aprobar, de conformidade co informe que antecede, as bases específicas dos procesos selectivos destinados á execución da Ofertas de Emprego Público de Estabilización de Emprego Temporal do Concello de Vigo das prazas ofertadas polo sistema selectivo de concurso-oposición (convocatoria e bases xerais dos referidos procesos selectivos foron aprobadas en sesión de XGL de data 23/12/2022 – BOPPO núm. 249 de data 30/12/2022), das seguintes prazas:

| <i>Denominación</i> | <i>Grupo</i> | <i>Tipo de vínculo xurídico (funcionarios de carreira/ persoal laboral fixo)</i> | <i>Nº prazas ofertadas</i> |
|---------------------------------|--------------|--|----------------------------|
| AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A | C2 | Funcionario/a de carreira | 1 |
| OFICIAL INSTALACIÓNS MUNICIPAIS | C2 | Funcionario/a de carreira | 2 |
| OFICIAL DESINFECTOR/A | C2 | Funcionario/a de carreira | 2 |

SEGUNDO.- Ordenar a realización das publicacións oficiais que correspondan, dispoñendo a súa inserción na web municipal www.vigo.org e na Intranet Municipal aos efectos do seu público coñecemento.

TERCEIRO.- Acordar, de conformidade co Plan de Igualdade de Concello de Vigo, o compromiso do Concello coa igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a obriga dos tribunais ou órganos de selección de velar polo cumprimento deste principio, de acordo co artigo 14 da Constitución española e outra normativa de aplicación.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.



Venres, 14 de xullo de 2023

Núm. 136

BASES ESPECÍFICAS CONCURSO-OPOSICIÓN

SISTEMA DE SELECCIÓN: Nas seguintes prazas establécese o de concurso-oposición de conformidade co previsto nestas bases específicas e o establecido nas bases xerais das convocatorias derivadas da Oferta de Emprego Público de Estabilización de Emprego Temporal.

A fase de concurso avaliarase de conformidade co previsto na base 10ª das xerais.

PRAZAS
AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL**I.- NÚMERO DE PRAZAS: 1.**

II.- CARACTERÍSTICAS DA/S PRAZA/S: En réxime funcional, enmarcada/s no Grupo C de titulación, Subgrupo C2; escala, Administración xeral; subescala, auxiliar. Estarán dotadas coas retribucións básicas que legalmente corresponden ao subgrupo C2 e as complementarias propias do posto de traballo ao que resulten adscritas as prazas que se convocan. Figurarán incluídas no réxime de dedicación exclusiva.

III.- CONDICIÓN DAS E DOS ASPIRANTES: Ademais das que figuran na base 4ª das xerais, as/os aspirantes deberán estar en posesión do título de Graduado escolar, FP1 ou ou titulación equivalente que habiliten para o acceso á praza convocada segundo o disposto na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, ou estar en condicións de obtelo á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

IV.- EXERCICIOS DA OPOSICIÓN

PRIMEIRO EXERCICIO.- Constará de dúas partes que poderán realizarse en sesións distintas. As dúas partes do primeiro exercicio non serán eliminatorias e fixarase unha puntuación mínima conxunta do 50% para superar a fase de oposición.

– Primeira parte: Consistirá en contestar por escrito, no tempo que estableza o órgano de selección, un cuestionario tipo test de 30 preguntas como mínimo, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran o temario anexo a estas bases, que será elaborado polo órgano de selección inmediatamente antes do inicio da proba. Nesta proba as respostas incorrectas ou non contestadas non restarán puntos.

A proba prevista na primeira parte do primeiro exercicio puntuarase de cero (0) a trinta (30) puntos.

– Segunda parte: De carácter práctico. Consistirá na resolución, durante o período máximo de dúas horas, de dous supostos prácticos ou, realizar as tarefas que determinará o órgano de selección inmediatamente antes do comezo da proba, relativo ás tarefas relacionadas coas materias obxecto do temario contemplado nas presentes bases, no prazo establecido polo órgano de selección en función da natureza da proba.



Venres, 14 de xullo de 2023

Núm. 136

Nesta proba avaliarase a aplicación práctica dos coñecementos que acrediten a capacidade para o desempeño das funcións da praza á que se quere acceder. A proba prevista na segunda parte do primeiro exercicio puntuarase de cero (0) a trinta (30) puntos.

A cualificación do primeiro exercicio virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas dúas partes das que consta. A puntuación máxima do primeiro exercicio é de 60 puntos, debendo acadar unha puntuación mínima de 30 puntos para superar a fase de oposición. O aspirante que non acade 30 puntos será eliminado do proceso selectivo.

SEGUNDO EJERCICIO. Coñecemento de galego.

Consistirá na realización dunha proba oral ou escrita que permita acreditar o coñecemento do idioma galego.

Terá carácter obrigatorio agás para aqueles aspirantes que acrediten, no prazo de presentación de instancias, posuír o título CELGA 3 ou equivalente homologado, segundo o establecido na disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (CELGA).

O exercicio será cualificado de apto ou non apto. O/a aspirante que non obtivese a cualificación de apto nesta proba e superando o proceso selectivo obteña praza, deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica (Secretaría Xeral de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.

V.- PROGRAMA DA CONVOCATORIA

Tema 1.—Os actos administrativos. Eficacia e validez. Execución forzosa dos actos administrativos.

Tema 2.—Actos nulos e anulables. A revisión dos actos administrativos e a declaración de lesividade. Os recursos administrativos: concepto e clases.

Tema 3.—O procedemento administrativo: principios xerais e fases. O deber de resolver: o silencio administrativo.

Tema 4.—A comunicación, a notificación e a publicación: especial mención á administración electrónica. Cómputo de prazos.

Tema 5.—Recepción e rexistro de documentos. O rexistro de entrada e saída de documentos. Requisitos da presentación de documentos. Notificacións e publicacións.

Tema 6.—O municipio: concepto e elementos. Competencias. Organización municipal.

Especial referencia ós municipios de gran poboación.

Tema 7.—Ordenanzas e regulamentos das entidades locais. Clases. Procedemento de elaboración e aprobación.



Venres, 14 de xullo de 2023

Núm. 136

Tema 8.—O empregado público local. Dereitos e deberes das/os empregadas/os públicos locais. Réxime disciplinario e incompatibilidades das/os empregadas/os públicos: faltas e sancións.

Tema 9.—Facenda local. Clasificación dos ingresos. Ordenanzas fiscais.

Tema 10.—O orzamento xeral das entidades locais. Elaboración e aprobación. Referencia ás bases de execución do orzamento.

OFICIAL/A INSTALACIÓNS MUNICIPAIS

I.- NÚMERO DE PRAZAS: 2.

II.- CARACTERÍSTICAS DA/S PRAZA/S: En réxime funcional, enmarcadas no Grupo C de titulación, Subgrupo C2; escala, Administración Especial. Estarán dotadas coas retribucións básicas que legalmente corresponden ao subgrupo C2 e as complementarias propias do posto de traballo ao que resulten adscritas as prazas que se convocan. Figurarán incluídas no réxime de dedicación exclusiva.

III.- CONDICIÓN DAS E DOS ASPIRANTES: Ademais das que figuran na base 4ª das xerais, as/os aspirantes deberán estar en posesión do título de Graduado escolar, FP1 ou ou titulacións equivalentes que habiliten para o acceso á praza convocada segundo o disposto na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, ou estar en condicións de obtelo á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

IV.- EXERCICIOS DA OPOSICIÓN

PRIMEIRO EXERCICIO.- Constará de dúas partes que poderán realizarse en sesións distintas. As dúas partes do primeiro exercicio non serán eliminatorias e fixarase unha puntuación mínima conxunta do 50% para superar a fase de oposición.

– Primeira parte: Consistirá en contestar por escrito, no tempo que estableza o órgano de selección, un cuestionario tipo test de 30 preguntas como mínimo, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran o temario anexo a estas bases, que será elaborado polo órgano de selección inmediatamente antes do inicio da proba. Nesta proba as respostas incorrectas ou non contestadas non restarán puntos.

A proba prevista na primeira parte do primeiro exercicio puntuarase de cero (0) a trinta (30) puntos.

– Segunda parte: De carácter práctico. Consistirá na resolución, durante o período máximo de dúas horas, de dous supostos prácticos ou, realizar as tarefas que determinará o órgano de selección inmediatamente antes do comezo da proba, relativo ás tarefas relacionadas coas materias obxecto do temario contemplado nas presentes bases, no prazo establecido polo órgano de selección en función da natureza da proba.



Venres, 14 de xullo de 2023

Núm. 136

Nesta proba avaliarase a aplicación práctica dos coñecementos que acrediten a capacidade para o desempeño das funcións da praza á que se quere acceder. A proba prevista na segunda parte do primeiro exercicio puntuarase de cero (0) a trinta (30) puntos.

A cualificación do primeiro exercicio virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas dúas partes das que consta. A puntuación máxima do primeiro exercicio é de 60 puntos, debendo acadar unha puntuación mínima de 30 puntos para superar a fase de oposición. O aspirante que non acade 30 puntos será eliminado do proceso selectivo.

SEGUNDO EJERCICIO. Coñecemento de galego.

Consistirá na realización dunha proba oral ou escrita que permita acreditar o coñecemento do idioma galego.

Terá carácter obrigatorio agás para aqueles aspirantes que acrediten, no prazo de presentación de instancias, posuír o título CELGA 3 ou equivalente homologado, segundo o establecido na disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (CELGA).

O exercicio será cualificado de apto ou non apto. O/a aspirante que non obtivese a cualificación de apto nesta proba e superando o proceso selectivo obteña praza, deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica (Secretaría Xeral de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.

V.- PROGRAMA DA CONVOCATORIA

Tema 1.—Ferramentas máis utilizadas polas brigadas de obras, albanelería, electricidade, ca pintería, fontanería e pintura. Operacións básicas en traballos de albanelería, electricidade, fontanería, carpintería e pintura.

Tema 2.—Conservación e mantemento de parques e xardíns: ferramentas utilizadas, podas e fertilización. Mención especial ao céspede.

Tema 3.—Electricidade: Esquemas básicos de conexión. Nocións básicas sobre mantemento de instalacións eléctricas.

Tema 4.—Normas básicas de instalacións de auga. Terminoloxía. Tubaxes: tipos e características e usos máis apropiados.

Tema 5.—Maquinaria, utensilios, ferramentas e produtos químicos usados para a actividade de limpeza en instalacións municipais.

Tema 6.—Labores básicas de albanelería en pequenas reparacións e mantemento de espazos.

Tema 7.—Nocións básicas sobre seguridade en edificios. Prevención de Incendios. Plans de emerxencia e evacuación. Instalacións de protección contra incendios.



Venres, 14 de xullo de 2023

Núm. 136

Tema 8.—Seguridade e saúde laboral. Normas básicas sobre medidas de seguridade. Manexo correcto das cargas, identificación dos equipos de protección individual. Recomendacións de seguridade a hora de traballar con escaleiras. Instrución para usar con seguridade ferramentas manuais e eléctricas. Obrigacións do traballador en materia de prevención de riscos laborais.

Tema 9.—Instalacións de protección contra incendios. Real Decreto 513/2017, de 22 de maio, polo que se aproba o Regulamento de instalacións de protección contra incendios.

Tema 10.—A Lei 31/95, de 8 de novembro de prevención de riscos laborais: dereitos e obrigas.

OFICIAL/A DESINFECTOR/A

I.- NÚMERO DE PRAZAS: 2.

II.- CARACTERÍSTICAS DA/S PRAZA/S: En réxime funcional, enmarcada/s no Grupo C de titulación, Subgrupo C2; escala, Administración Especial. Estarán dotadas coas retribucións básicas que legalmente corresponden ao subgrupo C2 e as complementarias propias do posto de traballo ao que resulten adscritas as prazas que se convocan. Figurarán incluídas no réxime de dedicación exclusiva.

III.- CONDICIÓN DAS E DOS ASPIRANTES: Ademais das que figuran na base 4ª das xerais, as/os aspirantes deberán estar en posesión do título de Graduado, escolar FP1 ou ou titulacións equivalentes que habiliten para o acceso á praza convocada segundo o disposto na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, ou estar en condicións de obtelo á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes e tamén o título de formación profesional, curso de especialización de formación profesional previsto en el Real Decreto 1538/2006, de 15 de decembro, o dun certificado de profesionalidade que acrediten as unidades de competencia correspondentes á cualificación profesional “SEA028_2 Servizos para o Control de Pragas, Nivel 2, Modulo ou Unidade competencial UC0079_2 aplicar medios e produtos para o control de pragas” ou titulación equivalente.

IV.- EXERCICIOS DA OPOSICIÓN

PRIMEIRO EXERCICIO.- Constará de dúas partes que poderán realizarse en sesións distintas. As dúas partes do primeiro exercicio non serán eliminatorias e fixarase unha puntuación mínima conxunta do 50% para superar a fase de oposición.

– Primeira parte: Consistirá en contestar por escrito, no tempo que estableza o órgano de selección, un cuestionario tipo test de 30 preguntas como mínimo, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran o temario anexo a estas bases, que será elaborado polo órgano de selección inmediatamente antes do inicio da proba. Nesta proba as respostas incorrectas ou non contestadas non restarán puntos.



Venres, 14 de xullo de 2023

Núm. 136

A proba prevista na primeira parte do primeiro exercicio puntuarase de cero (0) a trinta (30) puntos.

– Segunda parte: De carácter práctico. Consistirá na resolución, durante o período máximo de dúas horas, de dous supostos prácticos ou, realizar as tarefas que determinará o órgano de selección inmediatamente antes do comezo da proba, relativo ás tarefas relacionadas coas materias obxecto do temario contemplado nas presentes bases, no prazo establecido polo órgano de selección en función da natureza da proba.

Nesta proba avaliarase a aplicación práctica dos coñecementos que acrediten a capacidade para o desempeño das funcións da praza á que se quere acceder. A proba prevista na segunda parte do primeiro exercicio puntuarase de cero (0) a trinta (30) puntos.

A cualificación do primeiro exercicio virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas dúas partes das que consta. A puntuación máxima do primeiro exercicio é de 60 puntos, debendo acadar unha puntuación mínima de 30 puntos para superar a fase de oposición. O aspirante que non acade 30 puntos será eliminado do proceso selectivo.

SEGUNDO EXERCICIO. Coñecemento de galego.

Consistirá na realización dunha proba oral ou escrita que permita acreditar o coñecemento do idioma galego.

Terá carácter obrigatorio agás para aqueles aspirantes que acrediten, no prazo de presentación de instancias, posuír o título CELGA 3 ou equivalente homologado, segundo o establecido na disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (CELGA).

O exercicio será cualificado de apto ou non apto. O/a aspirante que non obtivese a cualificación de apto nesta proba e superando o proceso selectivo obteña praza, deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica (Secretaría Xeral de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.

V.- PROGRAMA DA CONVOCATORIA

Tema 1.—Oficial de desinfección: Funcións e tarefas no desenvolvemento de servizos D.D.D. Labores de inspección, diagnóstico, aplicación de métodos de control e avaliación do tratamento D.D.D.

Tema 2.—Biocidas: Clasificación, xeneralidades e modo de acción. Etiquetado. Transporte. Lexislación

Tema 3.—Formulacións. Preparación. Equipos de aplicación.

Tema 4.—Principais pragas de roedores. Monitoraxe de roedores. Biocidas raticidas e ratonicidas. Desratización activa e pasiva. Principais pragas de insectos e ácaros. Métodos de loita antivectorial en ambientes urbanos.



Venres, 14 de xullo de 2023

Núm. 136

Tema 5.—Axentes produtores de enfermidades. Desinfección. Biocidas utilizados. Técnicas de aplicación.

Tema 6.—Precaucións e normas de seguridade. Equipos de protección persoal. Saúde laboral. Prevención, diagnóstico e primeiros auxilios no caso de intoxicación por biocidas. Antídotos.

Tema 7.—Utilización de biocidas: Riscos para a saúde. Vías de penetración. Poboación e factores de risco. Toxicidade

Tema 8.—Lexionela. Instalacións e factores de risco. Control e prevención. Lexislación

Tema 9.—Xilófagos: bioloxía deteos. Tratamentos antixilófagos. Prevención e control.

Tema 10.—Establecementos e servizos biocidas: condicións e requisitos básicos. Inscripción e funcionamento no R.O.E.S.B. na Comunidade Autónoma de Galicia

Vigo, na data da sinatura electrónica

A xefa da Área de RRHH e Formación.- María Dapena Gómez

Conforme,

A concelleira delegada de Recursos Humanos e Formación (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023 e 20/06/2023)-. Olga Alonso Suárez

A concelleira delegada da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023).- Patricia Rodríguez Calviño

